

## Itinerario da couza

**Lorena Domínguez Mallo**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

DOMÍNGUEZ MALLO, LORENA (2011 [2009]). “Itinerario da couza”. *Protexa*: 11, 11. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/81>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

DOMÍNGUEZ MALLO, LORENA (2009). “Itinerario da couza”. *Protexa*: 11, 11.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## ITINERARIO DA COUZA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE DORES TEMBRÁS *O POUZO DO FUME*, 2009]

**Lorena Domínguez Mallo**

A característica máis fascinante do ser humano é a súa paixón constante por codificarse e decodificarse, e por extraer dese proceso unha nova visión de mundo ou unha nova razón para mirar as cousas que o rodean. Dores Tembrás percorre os camiños da súa memoria cun fardel que a cada paso se fai máis pequeno, porque aquilo que deixa de mancar pesa menos. Viaxa pola memoria da infancia de tres xeracións para reconciliarse coas lembranzas, con esa parte de nós mesmos que é o que fomos no pasado.

A poeta executa os símbolos coa precisión dunha intervención cirúrxica no órgano emocional. E consegue encender luces na memoria allea a base de caligrafía, cuadrículas, xabón de lagarto, latas de costura... e facer desas imaxes emocionais a chave para decodificar a infancia e reconciliármolos con ela. Nin as tres xeracións que percorre nin as lectoras e lectores estamos lonxe do que se nos conta. A sinxeleza extrema dos poemas permítenos vivir case desde dentro o lavado dos panos no río e escoitar a voz da nai, andar os kilómetros que nos separan da escola, facer adornos para a árbore de Nadal. A autora consegue esa sinxeleza a forza de podar os poemas de todo o innecesario, de deixar só os trazos básicos do debuxo. E o pouso de todo iso queda en imaxes para que o tendal da roupa poida exhibir, impúdico, a reconciliación coa memoria, a homenaxe a todas as mans e a todas as voces que nos conforman.

E no comezo e no fin desa viaxe o fume marca a orixe, a xenealoxía (“saberán / que a pé de lume nos criaron”). Unha xenealoxía que aparece valorada e homenaxeada xa desde a dedicatoria do libro. Por outra parte, a propia estrutura tripartita do poemario está relacionada co símbolo axial, co fume: oxidación, combustión e pouso. Trátase dunha gradación que marca que o lume non só destrúe, tamén purifica e abre a porta a coñecementos novos, deixa unha marca para ser lida por quen queira interpretala. Iso sábeno ben os que se crían a pé de lume e que cando perden a un ser querido pensan, “quen me contará a historia / de cada colcha de cada garfo”. Unha homenaxe á xenealoxía que é, ao mesmo tempo, unha homenaxe á palabra: desde a nena que intenta dominala na cuadrícula á muller que a transmite. Presenciamos a viaxe da cuadrícula ás historias da avoa, e os poemas de Dores Tembrás tócanos por dentro e dinnos que a memoria é un baúl vello con couza que merece a pena restaurar, cando da nena que fomos “só queda / unha man / que xa non fai caligrafía”.